



Técnico/a Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de contido teórico práctico da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cales son as células das mostras citolóxicas que se dexeneran moi rapidamente e adoitan estar presentes en cantidades moi baixas?

- A) Líquido cefalorraquídeo.
- B) Ouriños.
- C) Líquido ascítico.
- D) A e B son correctas.

2. Cal non é un pigmento hemoglobinoxeno?

- A) Hemosiderina.
- B) Hematoidina.
- C) Melanina.
- D) Bilirrubina.

3. A hematoxilina de Harris é unha coloración:

- A) Por impregnación.
- B) Indirecta nun tempo.
- C) Regresiva.
- D) Progresiva.

4. A sección incluída en parafina, ao estendela no baño de flotación, o tecido desintégrese rapidamente. Cal é o motivo principal en relación co proceso de inclusión?

- A) A mostra foi fixada en exceso.
- B) A mostra foi pouco procesada (aínda contén disolvente orgánico).
- C) Material non válido para inclusión en parafina: a mostra debeu ser procesada como citoloxía.
- D) A mostra foi procesada en exceso.

5. Indica cal é unha substancia química que exerce a súa acción sobre as superficies e os obxectos inanimados alterándoos o menos posible:

- A) Antiséptico.
- B) Esterilización.
- C) Desinfectante.
- D) Insecticida.

6. Que coloración permite distinguir entre graxas neutras e ácidas?

- A) Sudán IV.
- B) Pas.
- C) Sudán Negro.
- D) Azul do Nilo.

7. Cantos marcadores se poden analizar de forma simultánea na citometría de fluxo?

- A) Ata un máximo de 10.
- B) Ata un máximo de 20.
- C) Ata un máximo de 30.
- D) Pódense superar os 40 marcadores.

8. Que tingue o método de Levaditi?

- A) BAAR.
- B) Parásitos.
- C) Fungos.
- D) Espiroquetas.

9. Por que debemos usar os sistemas (ThinPrep / SurePath) no medio líquido para a recollida, transporte e preparación de mostras xinecolóxicas e non xinecolóxicas? Indique a falsa:

- A) Diminución/eliminación da desecación de material.
- B) Maior sensibilidade diagnóstica.
- C) Celularidade non uniforme.
- D) Posibilidade de reutilizar as mostras para outras técnicas.

10. Que tipo de nesgo ocorre cando o deseño do estudo favorece unha hipótese específica?

- A) Nesgo de selección.
- B) Nesgo de confirmación.
- C) Nesgo de información.
- D) Nesgo de memoria.

11. Cal é o método máis utilizado e recomendable en citoloxía exfoliativa?

- A) Diff-Quick.
- B) Hematoxilina-eosina.
- C) May Grünwald-Giemsa.
- D) Papanicolaou.

12. Un técnico está a procesar un tecido denso, como o hepático, e sabe que a parafina utilizada ten un punto de fusión de 58°C. Cal das seguintes combinacións de axustes nas etapas de deshidratación e impregnación sería a máis adecuada para garantir unha infiltración homoxénea e evitar artefactos no corte, considerando esta propiedade da parafina?

- A) Deshidratación rápida con alcol ao 100% nunha soa etapa e impregnación a 55°C durante 2 horas.
- B) Deshidratación progresiva con alcois (70%, 95%, 100%) e impregnación a 60°C durante 4 horas.
- C) Deshidratación con alcol ao 70% prolongada e impregnación a 58°C durante 3 horas.
- D) Deshidratación omitindo o alcol ao 95% e impregnación a 62°C durante 5 horas.

13. A imaxe final do microscopio óptico composto, proporcionada polo efecto combinado de obxectivos e oculares é:

- A) Aumentada, dereita e virtual.
- B) Aumentada, invertida e virtual.
- C) Aumentada, dereita e real.
- D) Aumentada, invertida e real.

14. Un nucleótido está formado por:

- A) Fosfato, ribosa e osíxeno.
- B) Ácido desoxirribonucleico, azúcar e H_2O_2 .
- C) Ácido ribonucleico, base nitroxenada e lípidos.
- D) Grupo fosfato, base nitroxenada e pentosa.

15. Que resultados se poden obter nunha mostra citolóxica na tinción de May Grünwald Giemsa?

- A) Nucléolo púrpura.
- B) Gránulos eosinófilos rosados.
- C) Eritrocitos maduros laranxa rosado.
- D) Todas son correctas.

16. Que anticorpo se utiliza en inmunohistoquímica como índice de proliferación celular?

- A) Ki67.
- B) MIB-1.
- C) p40.
- D) A e B son correctas.

17. Dentro dos grupos fundamentais de colorantes, indique cal é incorrecto:

- A) Ácidos.
- B) Neutros.
- C) Diferentes.
- D) Metacromáticos.

18. Indique a resposta correcta en relación á substancia amiloide:

- A) É unha substancia insoluble en auga.
- B) É unha substancia que naturalmente está presente no corpo humano.
- C) En fresco aparece como unha substancia rosada.
- D) Nas coloracións con hematoxilina aparece como un material azulado acelular.

19. Dentro da célula hai unha estrutura chamada o nucléolo, que está formado por dous compoñentes principais, un de material granular e outro de material fibrilar, chamados?

- A) Nucleonema e fibrillas nucleolares.
- B) Retículo granular e fibrillas nucleolares.
- C) Nucleolonema e pars amorfa.
- D) Nucleoide granular e pars amorfa.

20. A teoría celular define a célula como a unidade morfolóxica e funcional dos seres vivos. Esta teoría que foi proposta no século XIX, constituíu un dos conceptos biolóxicos máis importantes e unificadores da Citoloxía. Quen formularon esta teoría celular?

- A) Robert Hooke e Alexander Meisels.
- B) Anton van Leeuwenhoek e Charles Darwin.
- C) Mathias Schleiden e Theodor Schwann.
- D) Gregor Mendel e Carl Zeiss.

21. Das seguintes afirmacións, cal é a correcta?

- A) O músculo córtase transversalmente en conxelación e lonxitudinalmente en microscopia electrónica.
- B) A biopsia renal e a pel córtanse no micrótopo para facer a inmunofluorescencia directa.
- C) O FISH, hibridación fluorescente in situ, córtase sempre no criostato.
- D) Ningunha é correcta.

22. En relación á citoloxía da vulva e vaxina, cal é a localización máis frecuente da adenose vaxinal?

- A) No terzo inferior da vaxina e na súa cara posterior.
- B) No terzo superior da vaxina e na súa cara posterior.
- C) No terzo superior da vaxina e na súa cara anterior.
- D) No terzo inferior da vaxina e na súa cara anterior.

23. Segundo o art 2 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega de prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cal é o ámbito de aplicación da lei?:

- A) As medidas contempladas na presente lei serán de aplicación a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en España e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como ás súas fillas e fillos e a outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas.
- B) As medidas contempladas na presente lei serán de aplicación ás persoas que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia, así como ás súas fillas e fillos e a outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas.
- C) As medidas contempladas na presente lei serán de aplicación a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, pero non as súas fillas e fillos nin a outras persoas dependentes delas, vítimas directas e non indirectas.
- D) As medidas contempladas na presente lei serán de aplicación a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como ás súas fillas e fillos e a outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas.

24. Durante a preparación dun bloque de parafina na estación de inclusión, obsérvase que a mostra de tecido non se integra uniformemente coa parafina circundante, resultando nun bloque heteroxéneo con áreas de separación visibles. Cal das seguintes é a causa máis probable deste problema?

- A) A peza de tecido arrefriouse demasiado tras ser retirada do baño de parafina, impedindo unha infiltración homoxénea antes da solidificación.
- B) A mostra foi insuficientemente deshidratada, deixando residuos de auga que repelen a parafina e xeran zonas non infiltradas.
- C) A temperatura do baño de parafina excede os 65°C, provocando unha solidificación desigual ao contacto co molde frío.
- D) O tempo de infiltración en parafina foi excesivo, causa unha sobresaturación do tecido que altera a súa cohesión coa matriz.

25. No caso de solicitar receptores hormonais nun bloque celular, teríamos que realizar fixación controlada na determinación de:

- A) Estróxenos e proxesterona.
- B) HER2.
- C) p53.
- D) A e B son correctas.

26. Como valoramos o material durante a realización da PAAF?

- A) Con cristais tinguidos con hematoxilina eosina.
- B) Coa citoloxía no medio líquido tinguido en Diff Quick.
- C) Co bloque celular tinguido con Papanicolau.
- D) Con cristais tinguidos en Diff Quick.

27. En que data se publicou unha versión revisada da norma ISO 15189 con respecto á versión de 2012?

- A) O 6 de decembro de 2022.
- B) O 26 de febreiro de 2020.
- C) O 6 de decembro de 2018.
- D) Ningunha é correcta.

28. Sobre as PAAF de ganglio linfático, indique o que non é certo:

- A) Pódense realizar con control radiolóxico e por palpación directa do ganglio.
- B) Non se pode obter material para estudos de FISH e moleculares.
- C) Pódense obter bloques celulares, extensións e citoloxía líquida.
- D) Pódese realizar diagnóstico definitivo con elas.

29. Que grosor deben ter os cortes para a realización das técnicas de impregnación arxéntica?

- A) 15 micras.
- B) 5 micras.
- C) 8 micras.
- D) O máis delgado posible.

30. Nunha mostra de ouriños obtidos de 24 horas dun paciente de 35 anos con hematuria e antecedentes de exposición a augas doces en África subsahariana, obsérvanse no exame citolóxico estruturas ovaladas cunha espiña terminal característica. Cal sería o axente etiolóxico máis probable identificado nesta mostra?

- A) Ovos de Escherichia coli.
- B) Ovos de Schistosoma haematobium.
- C) Ovos de Echinococcus granulosus.
- D) Ovos de cisticercos.

31. Cal é o fixador indicado para o estudo histoquímico das proteínas?

- A) B5.
- B) Tetróxido de osmio.
- C) Alcohol etílico.
- D) Formol.

32. Dimensións da calidade asistencial:

- A) Calidade científico-técnica.
- B) Satisfacción da persoa usuaria.
- C) Adecuación ou idoneidade.
- D) Todas son correctas.

33. A batería mínima de anticorpos para inmunofluorescencia en patoloxía renal de maneira rutineira debería incluír:

- A) Cadeas lixeiras, inmunoglobulinas (IgG, IgA, IgM) e factores do complemento (C3 e C1q).
- B) Inmunoglobulinas (IgG, IgE, IgM), factores do complemento (C3, C1q) e cadeas lixeiras (kappa e lambda).
- C) Factores do complemento (C3, C1q) e inmunoglobulinas (IgA, IgM, IgG).
- D) Inmunoglobulinas (IgG, IgA, IgM) e cadeas lixeiras (kappa e lambda).

34. Cal é unha das vantaxes do formaldehido?

- A) Consómese durante o proceso de fixación.
- B) Excelente fixador para tecido adiposo e lípidos en xeral.
- C) Orixina un precipitado cristalino birrefringente.
- D) Transfórmase en ácido fórmico.

35. En relación a unha investigación científica. Que diferenza principal existe entre o método indutivo e o método dedutivo?

- A) O método indutivo parte do xeral ao particular, e o dedutivo, do particular ao xeral.
- B) O método indutivo baséase na observación e a xeneralización, e o dedutivo na lóxica e a inferencia.
- C) Ámbolos métodos utilizan a observación e a lóxica de igual maneira.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

36. Que característica distingue á apoptose da necrose?

- A) A apoptose é un proceso non programado.
- B) Na necrose non hai perda de integridade da membrana celular.
- C) A apoptose non causa inflamación.
- D) Na necrose o ADN é fragmentado en anacos de 185 pares de bases ou múltiplos.

37. En microscopia electrónica, que se utiliza como primeiro fixador?

- A) Glutaraldehido en tampón cacodilato ou fosfato ao 5%.
- B) Glutaraldehido en tampón cacodilato ao 10%.
- C) Tetróxido de osmio.
- D) Glutaraldehido en tampón cacodilato ou fosfato entre 2,5% - 4%.

38. Qué é o código fonte?

- A) É un programa que serve para desenvolver sistemas informáticos e aplicacións.
- B) É a linguaxe concreta na que está escrito o programa e serve para expresar a secuencia de instrucións que debe executar o dito programa.
- C) É un sistema codificado que axuda ao pensamento computacional.
- D) Ningunha é correcta.

39. Que axente químico se emprega para a descontaminación de material cirúrxico contaminado por prións?

- A) Hipoclorito sódico ou lixivia.
- B) Hidróxido sódico 2 N ou sosa cáustica.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Orto-ftalaldehido.

40. Cal é o procedemento idóneo para fixar tecidos por conxelación?

- A) Arrefriado lento.
- B) Inmersión directa en nitróxeno líquido.
- C) Meténdoo no conxelador.
- D) Isopentano a -50°C .

41. Vostede como persoal técnico de anatomía e citoloxía, asígnaselle a tarefa de realizar o screening das mostras xinecolóxicas, e un dos aspectos que debe de coñecer é que porción do epitelio corresponde unha lesión de CIN I:

- A) Menor de 1/3 do espesor epitelial superior.
- B) Maior de 1/3 do espesor epitelial inferior.
- C) Menor de 1/3 do espesor epitelial inferior.
- D) Maior de 1/3 do espesor epitelial superior.

42. No proceso de preparación de mostras histolóxicas, cal das seguintes características distingue mellor o uso da celoidina fronte á infiltración en parafina e as resinas plásticas?

- A) A celoidina require un tempo de infiltración significativamente menor que a parafina e non necesita disolventes orgánicos adicionais.
- B) A celoidina é ideal para tecidos con alta densidade, como óso non descalcificado, e permite cortes máis grosos sen fragmentación.
- C) A diferenza das resinas plásticas, a celoidina é compatible con micrótomos de ultracorte e ofrece maior resolución en microscopía electrónica.
- D) A celoidina utilízase preferentemente en tecidos brandos, mentres que a parafina é máis adecuada para estruturas calcificadas.

43. Indique a resposta incorrecta sobre a determinación de se un tumor é inestable mediante estudo inmunohistoquímico:

- A) Determina a presenza de expresión dos xenes reparadores do DNA (MLH1, MSH2, MSH6 e PMS2).
- B) Só se pode determinar en neoplasias dixestivas.
- C) É importante valorar a expresión nas células que acompañan a neoplasia (control interno).
- D) Dá información sobre o xene reparador que fallou, para valorar a posibilidade dunha síndrome de Lynch.

44. Con que técnicas se poden detectar os reordenamentos de ALK e ROS1?

- A) ROS1 só se pode estudar por FISH.
- B) Sempre primeiro por IHQ ou FISH, nunca empezando por NGS.
- C) A técnica de FISH só serve para confirmar casos IHQ non valorables.
- D) Con NGS inicial e confirmando por FISH ou IHQ cando teñamos un resultado non concluínte.

45. Dos seguintes procedementos, cal é necesario para unha autopsia clínica?

- A) Consentimento informado de estudo post-mortem, para a realización de autopsia asinada polos familiares ou titores do falecido.
- B) Que o xuíz de garda certifique que non é unha autopsia médico-legal.
- C) O certificado de defunción da funeraria.
- D) Ningunha resposta das anteriores é correcta.

46. Segundo o Real Decreto 767/2014, do 12 de setembro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico e fíxanse os seus ensinos mínimos; no artigo 5: "Competencias profesionais, persoais e sociais", que competencia non está incluída para un/ha técnico/a de anatomía patolóxica e citoloxía?

- A) Realizar a aproximación diagnóstica de mostras citolóxicas non xinecolóxicas, en función dos patróns celulares.
- B) Tallar e procesar mostras histolóxicas e citolóxicas, obtendo preparacións microscópicas de calidade adecuada para o seu estudo.
- C) Realizar a xestión básica para a creación e funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.
- D) Todas as anteriores están incluídas.

47. A fonte de iluminación do microscopio electrónico de transmisión é:

- A) Canón de fotóns.
- B) Canón de protóns.
- C) Canón de neutróns.
- D) Canón de electróns.

48. Indique a resposta correcta para a detección de BAAR:

- A) Ziehl-Neelsen.
- B) PCR.
- C) Método da Auramina-Rodamina.
- D) Todas son correctas.

49. Segundo a característica, atributo ou fenómeno que se pretende estudar no transcurso dunha investigación científica, que tipo de variable é a cantidade de cortes de tecido realizados co micrótopo?

- A) Cualitativa nominal.
- B) Cuantitativa discreta.
- C) Cuantitativa continua.
- D) Cualitativa ordinal.

50. Con que se contrastan os núcleos se utilizamos Sudán Negro para tinguir lípidos?

- A) Hematoxilina de Harris.
- B) Reactivo de Shiff.
- C) Vermello Neutro.
- D) Azul de metileno.

51. O aparello de Golgi está composto por unha serie de discos ou cisternas cunha escasa luz no seu interior e rodeadas por membranas. Estas cisternas unense unhas a outras formando conxuntos en forma de pilas de moeda. Como se denominan?
- A) Desmosomas.
 - B) Peroxisomas.
 - C) Dictiosomas.
 - D) Pilacosomas.
52. Na recollida de ouriños para citoloxía se se lle realizou unha urografía, unha cistoscopia ou unha instilación vesical, deberá:
- A) Recoller os segundos ouriños da mañá o mesmo día da proba.
 - B) Agardar polo menos 15 días despois dela.
 - C) A e B son certas.
 - D) Todas son falsas.
53. Cales son as medidas de control de calidade en histopatoloxía?
- A) Fase preanalítica.
 - B) Fase analítica.
 - C) Fase postanalítica.
 - D) Todas son correctas.
54. Cal dos seguintes principios NON é parte da ética de máximos segundo Dr. Diego Gracia Guillén (1989)?
- A) Autonomía.
 - B) Ética do deber.
 - C) Beneficencia.
 - D) A, b e c non pertencen á ética de máximos.
55. Es responsable de supervisar o equipamento e os métodos utilizados na sección de citodiagnóstico dun laboratorio. Durante unha auditoría, preséntanche os seguintes métodos de preparación de bloques celulares para avaliación e análise citolóxico. Un deles non está descrito segundo a SEAP. Identifica o método incorrecto:
- A) Xel acuoso de agar-agar.
 - B) Plasma-trombina.
 - C) HistoGel.
 - D) Xel de poliacrilamida.
56. Que tinguidura se coñece como panóptico?
- A) Diff-Quick.
 - B) Papanicolaou.
 - C) May Grünwald-Giemsa.
 - D) Shorr.

57. Eu son un técnico que traballo nas seccións de tallado, inclusión e corte, só teño que ter coñecementos:

- A) E habilidades do que concirne á miña sección.
- B) Do que fago na miña sección e do que fan as outras seccións, onde me gustaría traballar nun futuro.
- C) Do que fago na miña sección e do que fan outras seccións, xa que pode afectarlles aos seus resultados.
- D) Do que fago na miña sección, o que concirne ás outras seccións xa mo ensinarán en horas de traballo.

58. Indica a resposta verdadeira, en canto á inclusión de mostras:

- A) As estruturas quísticas deben de quedar cara abaixo, tentando que quede unha burbulla de aire na súa cavidade, para que se vexa que é cóncava.
- B) As estruturas tubulares incluíranse lonxitudinalmente para que se vexa a luz.
- C) As mostras de consistencia heteroxénea dispoñeranse de tal forma, que se empece a seccionar desde a zona de menor á de maior consistencia.
- D) Nos fragmentos múltiples non importa a súa disposición, o máis importante é que non se superpoñan uns encima doutros, para que ao esmagalos non se faga un artefacto.

59. En que parte do microscopio óptico composto especifica o medio de inmersión ou o grosor dos cobreobxectos?

- A) Oculares.
- B) Obxectivo.
- C) Filtros.
- D) Diafragma.

60. Segundo o artigo 2 "Principios reitores" da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a través desta Lei articúlase un conxunto integral de medidas encamiñadas a alcanzalos seguintes fins. Indica cal é a correcta:

- A) Fortalecer as medidas de sensibilización cidadá de prevención, dotando aos poderes públicos de instrumentos eficaces no ámbito educativo, servizos sociais, sanitario, publicitario e mediático.
- B) Consagrar dereitos das persoas vítimas de violencia de xénero, esixibles ante as Administracións Públicas, e así asegurar un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos establecidos para o efecto.
- C) Garantir dereitos económicos para as persoas vítimas de violencia de xénero, co fin de facilitar a súa integración social.
- D) Todas son correctas.

61. Cal sería o mellor control para o diagnóstico de HER2 mediante inmunohistoquímica?

- A) Un tumor 3+.
- B) Un tumor 2+/1+.
- C) Non fai falta poñer control.
- D) Un tecido sen tumor.

62. Cal é o método idóneo para colorear fibrina, tecido muscular e citoplasmas celulares?

- A) Vermello sirio.
- B) Tricrómico de Masson.
- C) Tricrómico de Gomori.
- D) Tricrómico de Mallory.

63. Cal dos seguintes marcadores en inmunocitoquímica é positivo nun adenocarcinoma pulmonar?

- A) TTF-1.
- B) p40.
- C) Sinaptofisina.
- D) CD56.

64. Cal das seguintes afirmacións sobre os ragocitos non é correcta?

- A) Son un indicador de procesos inflamatorios autoinmunes.
- B) Fórmanse pola fagocitose de complexos inmunes en neutrófilos.
- C) A súa identificación require unha tinción adecuada e observación en microscopio.
- D) Son específicos unicamente da artrite reumatoide.

65. Cando estamos a usar o explorador de arquivos de Windows. Que tecla ou teclas podemos utilizar para seleccionar un gran número de arquivos que non sexan completamente correlativos, axudándonos do rato?

- A) As teclas "Mayús" e "Ctrl".
- B) As teclas "Alt" e "Mayús".
- C) Só a tecla "Mayús".
- D) As teclas "Alt" e "Ctrl".

66. O National Nosocomial Infections Surveillance (NNIS) System define a infección nosocomial como:

- A) Enfermidade localizada ou sistémica que resulta da reacción adversa á presenza de axentes infecciosos ou das súas toxinas e que estaban presentes, ou en fase de incubación, no momento de ingreso no hospital.
- B) É calquera enfermidade causada por un axente infeccioso específico ou os seus produtos tóxicos, que se manifesta pola transmisión do mesmo axente ou os seus produtos, dunha persoa ou animal infectados ou dun reservorio a un hóspede susceptible, en forma directa ou indirecta por medio dun hóspede intermediario, de natureza vexetal ou animal, dun vector ou do medio ambiente inanimado.
- C) Enfermidade localizada ou sistémica que resulta da reacción adversa á presenza de axentes infecciosos ou das súas toxinas e que non estaba presente, nin en fase de incubación, no momento de ingreso no hospital.
- D) É a presenza continua dunha enfermidade ou un axente infeccioso dentro dunha zona xeográfica determinada; tamén pode denotar a prevalencia usual dunha enfermidade particular dentro de dita zona.

67. Que hematoxilina leva glicerol?

- A) Mayer.
- B) Ehrlich.
- C) Harris.
- D) Férrica.

68. Con respecto aos achados citolóxicos nas alteracións hormonais, concretamente no síndrome de Stein-Leventhal, sinala cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- A) Tamén se chama enfermidade poliquística ovárica.
- B) Está relacionado con alteracións do ciclo menstrual feminino.
- C) Afecta a mulleres máis frecuentemente en idade reprodutiva.
- D) Preséntase con hipermenorreas que aparecen debidas a alteracións da ovulación.

69. Indica que compostos poden inflamar substancias combustibles ou favorecer a amplitude de incendios xa declarados, dificultando a súa extinción:

- A) Substancias comburentes.
- B) Substancias inflamables.
- C) Substancias tóxicas.
- D) Substancias explosivas.

70. Segundo o artigo 19 "Dereito á atención integral" da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. A atención multidisciplinar implicará especialmente (indique a incorrecta):

- A) Atención sanitaria.
- B) Información ás vítimas.
- C) Atención psicolóxica.
- D) Apoio social.

71. Un técnico de anatomía patolóxica está a procesar bloques de tecido cerebral embebido en parafina para unha análise histolóxica rutineira con tinguidura de hematoxilina e eosina. Cal das seguintes combinacións de condicións de grosor de corte, temperatura do baño de flotación e estufado é a máis adecuada para garantir seccións de calidade, preservando a integridade do tecido e facilitando a súa análise microscópica?

- A) Grosor de 2–3 micras, baño de flotación a 60°C e estufado a 45°C durante 1 hora.
- B) Grosor de 4–6 micras, baño de flotación a menos de 40° C e estufado a 37°C – 40°C durante 30 minutos a 2 horas.
- C) Grosor de 8–10 micras, baño de flotación a 15°C e estufado a 50°C durante 3 horas.
- D) Grosor de 4–6 micras, baño de flotación a 45°C – 50°C e estufado a 40°C – 45°C durante 10 minutos.

72. Unha biopsia intraoperatoria é un estudo:

- A) Vital.
- B) Postvital.
- C) Supravital.
- D) Ningunha das respostas anteriores.

73. As mostras de biopsia non deben de exceder para a inclusión no casete estándar:

- A) Máis de 4 mm de grosor para a súa boa inclusión e fixación.
- B) Máis de 6 mm de grosor para a súa boa inclusión e fixación.
- C) Máis de 6 dm de ancho para a súa boa inclusión e fixación.
- D) Máis de 6 dm de diámetro para a súa boa inclusión e fixación.

74. Que termo utilízase para describir o sistema teórico-práctico de Beauchamp e Childress?

- A) Consecuencialismo.
- B) Paternalismo.
- C) Deontoloxismo.
- D) Principalismo.

75. Estou a cortar no criostato unha intraoperatoria que ten moita graxa, non son capaz de estirar o corte e cada vez teño mais sucia a coitela, Que podoo facer? Selecciona a resposta correcta:

- A) Limpar a coitela cun pano de papel impregnado en alcol de 70° e botarlle criolab (nebulizador ou spray de conxelación), así tamén o desinfecto.
- B) Botarlle criolab (nebulizador ou spray de conxelación) á coitela e limpallo cunha goma de borrar ou cun pincel de sedas duras, que está dentro do criostato e volver botar criolab.
- C) Limpar con acetona a temperatura ambiente cun pincel.
- D) Non se pode utilizar spray de conxelacion dentro do criostato.

76. Cal e o protocolo correcto para o tallado dun apéndice en anatomía patolóxica?

- A) Realízase un corte lonxitudinal único o longo do apéndice, sen incluír a punta especificamente.
- B) Tómanse seccións transversais da base e do corpo.
- C) Secciónase o apéndice en cortes transversais, incluíndo o corpo, a base e o corte lonxitudinal da punta.
- D) Córtase só a base do apéndice e descartase o resto, para procesar a mostra.

77. Cal das seguintes características debe estar presente nunha sala de autopsias clínicas, clasificada como BSL-3 para manexar un caso con sospeita dun patóxeno do Grupo 3, como SARS-CoV-2, segundo as normativas de bioseguridade?

- A) Ventilación forzada sen filtros e acceso aberto ao persoal sen EPI específico.
- B) Superficies desinfectables e uso exclusivo de luvas como protección individual.
- C) Presión negativa, sistema de filtración HEPA e acceso controlado mediante dobre porta ou esclusas.
- D) Mesa de autopsias con auga corrente e iluminación estándar sen requisitos adicionais de ventilación.

78. Consideracións xerais e boas prácticas en inclusión e orientación de mostras. Sinala a correcta:

- A) O tecido de conxelación das intraoperatorias desconxélase e inclúese sen ningunha orientación especial.
- B) Como norma xeral, a cara de corte do tecido, dispoñerase cara abaixo no casete e no molde.
- C) Cando o tecido ten marcados os bordes de resección ou a orientación non é necesario que manteñan unha orde especial.
- D) Os tecidos moi duros pónense todos no mesmo casete, para facilitar o corte.

79. Cal é a solución máis axeitada para a fixación e posterior descalcificación da medula ósea?

- A) B-5 e líquido de Perenyi.
- B) Formol e ácido clorhídrico.
- C) B-5 e líquido de Zenker.
- D) Formol e ácido nítrico.

80. Que significan as siglas CCO no/a destinatario/a dun correo?

- A) Copia de carbón oculta.
- B) Copia de correo oculta.
- C) O/a destinatario/a en copia oculta.
- D) Copia de correo ordinaria.

81. Segundo o Sistema de París para informar a citoloxía urinaria (TPS 2.0), se detecta unha neoplasia urotelial de baixo grao (LGUN), en que categoría de diagnóstico a situaría?

- A) Negativo (NHGUC).
- B) Atípico (AUC).
- C) Sospeitoso (SHGUC).
- D) Positivo (HGUC).

82. Dos seguintes fixadores, cal actúa por formación de sales cos tecidos?

- A) Ácido pícrico.
- B) Ácido acético.
- C) Ácido crómico.
- D) Alcohol etílico.

83. Cuestións a ter en conta á hora de confeccionar os boques. Elixe a verdadeira:

- A) Canto máis cheo de parafina mellor, o ideal é que exceda pola parte superior do casete, así non se desprenderá o tecido nin terá burbullas.
- B) Os moldes deben de ser do tamaño mais axustado posible, procurando que o tecido chegue ben aos bordos, ou colocando os cilindros en diagonal, para gastar a menor cantidade de parafina posible e que ao cortalo entren máis cortes no porta-obxectos, sen necesidade de recortar a parafina.
- C) Tomaremos o molde máis grande como o de elección, para facer todos os boques, así non teremos que andar escollendo e poderemos confeccionalos moito máis rápido.
- D) O molde e as pinzas deberán estar o suficientemente quentes pero sen queimar o tecido, para que este quede o máis superficial posible, no mesmo plano, e non fagamos contaminacións cruzadas de laboratorio.

84. Das seguintes afirmacións, sinala a incorrecta:

- A) O almacenamento dos materiais inflamables e explosivos debe facerse dentro do laboratorio principal.
- B) Os instrumentos para a inclusión automática de tecidos e a confección de bloques deben estar nunha habitación independente ou illados en campás de extracción de gases.
- C) En todo laboratorio debe existir polo menos un microscopio, para controlar os resultados dos métodos de coloración utilizados.
- D) Debe dispoñerse de extintores adecuados ao tipo de materiais inflamables acumulados.

85. Das seguintes opcións, cal é a correcta con respecto á descalcificación ósea?

- A) Ácidos inorgánicos fortes coma o ácido sulfuroso.
- B) Ácidos inorgánicos débiles coma o ácido clorhídrico.
- C) Ácidos orgánicos coma o acético ou o fórmico.
- D) Todas son correctas.

86. Indique a concentración da solución acuosa de ácido nítrico para a descalcificación de tecidos:

- A) 20%.
- B) 10%.
- C) 5%.
- D) 2%.

87. En estudos epidemiolóxicos, cal é a principal diferenza entre odds ratio e risco relativo?

- A) O odds ratio utilízase en estudos de cohortes e o risco relativo en casos e controis.
- B) O risco relativo avalía a probabilidade dun evento nun grupo fronte a outro, mentres que a odds ratio compara dous grupos.
- C) A odds ratio mide a probabilidade dun evento nun grupo fronte a outro, mentres que o risco relativo compara a frecuencia dun evento entre dous grupos.
- D) Entre o odds ratio e o risco relativo non hai diferenzas.

88. Se un/ha técnico/a de anatomía patolóxica descoñece o funcionamento dun equipo de inmunohistoquímica e isto resulta nun erro nos resultados. Clasifícase como?

- A) Impericia.
- B) Imprudencia.
- C) Neglixencia técnica.
- D) Neglixencia documental

89. Cal é a principal diferenza entre a certificación e a acreditación nun laboratorio de anatomía patolóxica?

- A) A certificación asegura a competencia técnica para realizar actividades, mentres que a acreditación verifica a adecuación documental á norma ISO 9001.
- B) A certificación é un título de recoñecemento emitido por unha empresa acreditada, mentres que a acreditación é unha declaración de competencia técnica emitida por un Organismo de Acreditación.
- C) A acreditación só aplícase a procedementos administrativos, mentres que a certificación aplícase a procedementos técnicos.
- D) A certificación é un proceso obrigatorio, mentres que a acreditación é opcional.

90. Son funcións do técnico segundo o currículo formativo:

- A) Xestionar unha unidade dun laboratorio de anatomía patolóxica e citoloxía.
- B) Aplicar técnicas de inmunohistoquímica, inmunofluorescencia e bioloxía molecular, baixo a supervisión do facultativo.
- C) Realizar a selección e aproximación diagnóstica de citoloxías de líquidos e secrecións corporais, improntas e mostras non xinecolóxicas obtidas por punción, baixo a supervisión do facultativo.
- D) Todas son funcións do técnico de anatomía patolóxica.

91. Con respecto á microtomía e preparación da sección en parafina, escolla a verdadeira:

- A) Usarase auga destilada a 60° cando os cortes sexan para inmunohistoquímica ou histoquímica.
- B) Coloque as seccións co lado liso (brillante) cara arriba, no baño de flotación.
- C) Canto máis fríos estean os bloques, mellor, preferiblemente a máis de -15°.
- D) Algunhas mostras delicadas obterán mellores resultados estufándoas a 37° durante máis tempo.

92. Quen é considerado o pai da epidemioloxía?

- A) Louis Pasteur.
- B) Robert Koch.
- C) John Snow.
- D) Edward Jenner.

93. Según la OMS, que non é recomendable realizar nunha antisepsia?

- A) A técnica con auga e xabón.
- B) Usar xabón antiséptico.
- C) Usar cepillos e esponxa.
- D) Lavado mediante fregado da pel coa solución antiséptica elixida.

94. O decreto, actualmente en vigor, que regula os residuos sanitarios de Galicia é:

- A) O Decreto 255/2003, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.
- B) O Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.
- C) O Decreto 28/2016, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.
- D) Ningunha resposta é correcta.

95. Que aditivos se lle engaden á parafina pura para que mellore as súas características? Indique a falsa:

- A) Polímeros plásticos.
- B) DMSO.
- C) Cera de abellas.
- D) Xelatina.

96. Que método de tinguidura utiliza prata metenamina?

- A) Wharthin–Starry.
- B) Fite.
- C) Grocott.
- D) Levaditi.

97. Das seguintes afirmacións, cales son danos para a saúde do formaldehido?

- A) Pode provocar cancro, relaciónase co cancro nasofarínxeo, seo nasal, leucemia mieloide e pulmonar.
- B) Mutáxeno: sospéitase que provoca defectos xenéticos.
- C) O formol é alérxeno, ten acción sensibilizante.
- D) Todas son certas.

98. Respecto ás fibras coláxenas, sinala a correcta:

- A) Tínguense con orceína.
- B) Tínguense con Pas.
- C) Tínguense con Picro–fucsina de Van Gieson.
- D) Ningunha é certa.

99. Os residuos sanitarios biocontaminados, que requiren unha xestión diferenciada tanto no interior dos centros como no exterior, en todas as etapas da xestión inclúense dentro da Clase:

- A) Clase II.
- B) Clase III.
- C) Clase V.
- D) Clase VI.

100. No servizo de anatomía patolóxica, en relación á seguridade co formaldehido, sinale a falsa:

- A) A retirada inmediata dos derrames e no caso de que sexan importantes, neutralización cun neutralizante específico para formol ou con bisulfito sódico e recollida posterior.
- B) A utilización de panos neutralizantes de formol (alfombrillas absorbentes con permanganato potásico) como superficie de tallado ou en zonas onde poidan producirse derrames.
- C) Retirada sen demora dos papeis de filtro impregnados de formol na mesa de tallado.
- D) Se se recibe unha mostra en fresco, nun vaso de ouriños (envase de plástico transparente de tapa vermella), coa etiqueta de identificación do paciente, encherase de formol na mesa de tallado. Non fai falta que se etiquete con ningunha etiqueta de seguridade.

Preguntas de reserva

1. O radical químico que se engade a un grupo cromógeno e convérteo en colorante é un:

- A) Colorante.
- B) Anel cromático.
- C) Auxocromo.
- D) Cromóforo.

2. Cal dos seguintes pasos non é imprescindible na tinguidura de Diff-Quick?

- A) Deshidratación.
- B) Fixación.
- C) Montaxe con cubreobxectos.
- D) Lavar con auga.

3. Cal dos seguintes procesos non forma parte dos pasos dos ciclos de amplificación da PCR?

- A) Aliñamento.
- B) Extensión ou elongación.
- C) Desnaturalización.
- D) Electroforese.

4. As infeccións causadas pola entidade Leptothrix corresponden a:

- A) Parasitos con forma de verme.
- B) Fungos filamentosos similares ao bacilo de Döderlein.
- C) Protozoos.
- D) Bacterias.

5. É posible realizar estudos moleculares en mostras de citoloxía tinguidas en Papanicolaou?

- A) Si, as mostras tinguidas con Papanicolaou están fixadas, polo que os ácidos nucleicos están preservados.
- B) Non, as citoloxías xa están montadas e o medio de montaxe afecta a PCR.
- C) Si, sempre e cando fosen procesadas nas últimas dúas semanas.
- D) Non, posto que as citoloxías almacenadas no arquivo posúen unha alta oxidación que afecta os ácidos nucleicos.

6. Con que tipo de microscopio podo ver a birrefrinxencia verde da amiloidose despois de tinguilo con vermello Congo?

- A) Microscopio de fluorescencia.
- B) Microscopio de contraste de fases.
- C) Microscopio de interferencia.
- D) Microscopio de polarización.

7. Como se toma a mostra por cepillado ou brushing de fosa nasal?

- A) O cepillo frégase sobre o produto obtido do raspado nasal.
- B) O cepillo introdúcese na fosa nasal e frégase contra a mucosa.
- C) O cepillo introdúcese nun medio acuoso mesturado co produto obtido de asoar o nariz.
- D) O cepillo frégase directamente sobre o pano onde está o produto.

8. Un laboratorio de anatomía patolóxica recibe unha mostra de medula ósea con infiltración tumoral e áreas de fibrose densa, que debe ser procesada para un estudo combinado de histomorfoloxía (tinción de Giemsa) e análise inmunohistoquímico (detección de CD34). O técnico debe elixir un método de inclusión que optimice a preservación estrutural e a antixenicidade, considerando as limitacións de cada técnica. Cal das seguintes opcións é a máis adecuada e por que?

- A) Infiltración en parafina tras decalcificación con EDTA, xa que permite cortes de 2–6 μm , é compatible con Giemsa e preserva antíxenos para CD34 tras recuperación antixénica con calor.
- B) Celoidina con endurecemento en cloroformo, porque a súa alta viscosidade estabiliza a fibrose densa e a medula ósea, ofrecendo cortes de 15–20 μm ideais para Giemsa, sen necesidade de decalcificación.
- C) Resinas plásticas (metacrilato de metilo), debido á súa capacidade para cortes ultrafinos de 1–3 μm e a súa resistencia á deformación, aínda que require protocolos de tinción modificados e elimina a antixenicidade de CD34.
- D) Xelatina ao 10% con conxelación posterior, xa que a súa baixa dureza facilita a impregnación de tecidos brandos e preserva antíxenos nativos para inmunohistoquímica, sendo compatible con Giemsa tras disolución.

9. Cal é a técnica de apertura de autopsia chamada en “T”, de ombreiro dereito a ombreiro esquerdo, pasando pola parte inferior das clavículas e por encima do manubrio?

- A) Técnica de Letulle.
- B) Técnica de Virchow modificada.
- C) Técnica de Mata.
- D) Técnica de Rokitansky.

10. Como se tinguen as células infectadas polo virus da hepatitis B coa Orceína de Shikata?

- A) Amarelo–pardo.
- B) Verde–azul.
- C) Pardo–negro.
- D) Vermello–amarelo.